

FESTA DO MAR EN MALPICA

ANXO BENTRÓN [MALPICA]

A localidade de Malpica de Bergantiños vive durante este día as unhas das súas celebración máis grande, as Festas do Mar, nas que, como cada ano, non faltarán a música, o típico concurso de barcanas e astelos de área, así como a procesión marítima e a ofrenda á patroa da xente do mar, a Virxe do Carme.

Para a celebración deste ano, varios bares da localidade (Vagalume, Prisma, O Cornecho, San Francisco e Brebaxe) lanzaron a iniciativa #Afestafacemolanos, un animado programa con diversas actividades, especialmente musicais, para os catro días de festa. As actividades arrancaron onte, xoves 22, e non rematarán ata o domingo 25.

Hoxe a xornada arrincará ás 12.00 horas coa hora do viño, que contará cpa actuación de Judith Cundis no caldeirón. Pola noite, dende as 00.30 horas, a actuación de Rafa Astray no pub Prisma centrará a atención.

En canto ao sábado, comezará á mesma horacoa actuación de Jedhill no Caldeirón e continuará dende as 17.00 horas co ‘Tardeo Djs’, un escenario con distintos Dj’s no paseo da Praia. Para rematar a xornada, na sesión de noite haberá una actuación de DVF no pub Prisma.

A xornada do domingo arrincará coa sesión de tarde, cando os Dj’s se volvan subir ao escenario do paseo da Praia. A xornada festiva terminará coa actuación dende as 00.30 horas de Drew Korme no pub Prisma.

Á marxe da música, durante as xornadas festivas non faltarán o

tradicional concurso de Barcanas e Castelos de Area. O concurso, que este ano celebra a súa vixésimo terceira edición, arrincará ás 10.30 horas, cando as persoas inscritas comezarán os seus traballos. Ás 13.00 horas retamarán as súas labores na Praia e acto seguido dará inicio a votación do público. Unha vez terminadas as votación, ás 13.30 farase a comuni-

O CONCURSO DE CASTELOS DE AREA VOLVERÁ UN ANO MÁIS XERAR UNHA GRAN ATENCIÓN

cación pública do fallo do xurado, as opinións do público e a entrega de premios.

O outro aspecto central das xornadas festivas será a tradicional procesión marítima e a ofrenda á Virxe do Carme. Os actos relixiosos celebranse o domingo coa misa que terá lugar ás 12.00 horas e dende as 17.30 horas celebrase a procesión.

Malpica celebra as súas Festas do Mar

O domingo celebrarase a tradicional procesión marítima e a ofrenda á Virxe do Carme, patroa da xente do mar



Procesión da Virxe do Carme na vila mariñeira de Malpica. // ECG

H

Hijos de Romau, s.l.

CARPINTERÍA EN GENERAL

Lugar de Seijas, 17 - Malpica de Bergantiños - 15113 - A Coruña

www.hijosderomay.com

Telefono: 981 721785



Asfeco & ASESORES

Asesoría fiscal - Contable
-Laboral - Financiera e inmobiliaria

C/ Eduardo Vila Fano, 1 - bajo • Malpica de Bergantiños (A Coruña)
info@asfeco.com • www.asfeco.com

981 721 553 • 609 563 535 • 639 692 474

PROFI
CLEAN

SERVICIOS DE LIMPIEZA

- Limpieza de comunidades
- Limpieza de oficinas
- Limpieza de cristales

Teléfono: 639884163

servicioscanosaferrero@outlook.es

INSTALACIONES
JEYCAR

Teléfonos

686 565 611
(CARLOS)

686 565 611
(JESÚS)

instalacionesjeycar@gmail.com

